

A memoria fecunda

Alén da abondosa produción estritamente poética e narrativa de Xosé Neira Vilas, os textos que poderíamos denominar de investigación ou testemuña ocupan un espazo máis que revelador no corpus creativo do autor de Gres. Neste campo devandito obras como a serie composta por tres volumes baixo o título de *Memoria da emigración*, a triloxía chamada *Crónicas galegas de América* e outros volumes como *O sarillo do tempo* ou *Xentes e camiños* constitúen hoxe por hoxe unha inestimable, senlleira e valiosa achega para o coñecemento das actividades e da presenza da colectividade galega na emigración ou no exilio americano.

Arestora convidanos Xosé Neira Vilas a pasear polo que é o seu primeiro libro de corte memorialístico —coa esperanza de que esta serie agora iniciada teña continuidade—, baixo o título de *Vinte anos retornando*. A través das súas páxinas o lector asiste á translación por escrito da memoria fecunda e, en ocasións, absolutamente prodixiosa, da ducia de viaxes que realizou xunto con Anisia Miranda no período que vai de 1972 até 1992, data na que deciden ambos os dous, tras un longo percorrido de máis de corenta anos a vivir as experiencias da emigración americana, radicárense en Galicia dun xeito definitivo.

Velaquí, así pois, na realidade, a compilación de doce diarios minuciosos centrados maioritariamente no relato sentido dos encontros cos familiares e cos amigos, mais tamén na transmisión das experiencias vividas a través da interpretación dos acontecementos políticos e culturais daquelas dúas décadas; comentarios aos que se engaden diversas táboas sincrónicas dos feitos culturais e socio-políticos que se deron nos devanditos vinte anos. Deste xeito revélanse, cunha prosa limpa e directa, as amentadas vivencias a abalaren entre a nostalgia do abandonado e compartido xunto co dezo inalterable polo retorno, agromando asemade tanto a verificación do


Un ensaio de Neira Vilas



RAMÓN NICOLÁS

palpable contraste entre os mundos desemeillantes que se entrecruzan coma o sentimento de pertenza non unicamente a un lugar, a unha patria, senón a

gunha, un máis que salientable lugar entre os literatos máis talentosos da nosa tradición escrita contemporánea, radicalmente unilingüe e afervoadamente comprometido co seu país e coa súa literatura, malia que agora queiran confundirnos con polémicas resésigas verbo do que é e o que non é literatura galega. Aínda que fose só por iso este *Vinte anos retornando* merecería un respecto e a nosa atención. Mais cando temos a convicción de que este volume se converte de seu



dúas ou tres terras tripadas e admiradas por un igual: Cuba, Arxentina e Galicia.

A presente entrega de Neira Vilas serve, ao tempo, para constatar esa intensa e laboriosa angueira cultural levada a cabo, aquí e acolá, durante estes anos; quer con Anisia Miranda, quer cos Dieste, Blanco Amor, Luís Soto, Isaac Díaz Pardo, Luís Seoane, Méndez Ferrín, Bencho-Shey, Avilés de Tarancos, Lorenzo Varela, Piñeiro, Xesús Alonso Montero e tantos outros, entre os que ocupa, sen dúbida nin-

nunha fonte inestimable de información cultural para o período que trata e supón a revisión sentimental de dúas décadas de vida de Neira Vilas e Anisia Miranda, ese respecto e atención convértese en intensa admiración e, teño para min, xusto recoñecemento público.

NEIRA VILAS, Xosé, Vinte anos retornando, Ed. Xerais, Vigo, 2006, 236 páxinas